



CONCELLO DE VIGO
SERVIZO DE EDUCACIÓN

Vigo, 20 de setembro de 2010

INFORME

VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DOCENTES E COMPLEMENTARIOS DE ADMINISTRACIÓN E CONSERXERÍA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE VIGO

CRITERIOS XERAIS PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS

Para a valoración das ofertas tivéronse en conta os criterios valorativos recollidos no apartado 16.1.1 da FEC así como nos apartados correspondentes do Prego de Prescripcións Técnicas.

Valórase pois o Proxecto Educativo de Centro presentado polo licitador, dentro do cal se analizan as propostas relativas aos obxectivos xerais, proxecto curricular, actividades extraescolares, proxecto organizativo de centro, actividades de divulgación e a presencia da escola na rede.

A estructura xeral do proxecto educativo vén definida na cláusula Terceira do Prego de Prescripcións Técnicas incluído no expediente.

Seguiríonse ordeadamente os apartados da cláusula 16.1.1 da FEC, establecéndose unha valoración cualitativa e cuantitativa para cada un destes apartados que se trasladan ao cadro de valoración numérica que se inclúe neste informe.

Para a valoración do apartado B) Proxecto curricular (20 puntos), e aos efectos de facilitar a análise e avaliación das ofertas, ponderouse cada subapartado, segundo criterios técnicos do Servizo de Educación, en relación coa importancia relativa que cada aspecto ten no conxunto, cos límites de puntuación de referencia que se indican no referido cadro.

CALIDADE DO PROXECTO EDUCATIVO (PEC)

DOBRE O S.L.

Carácter xeral da documentación técnica presentada (máximo 5 puntos).

Cunha alta calidade formal, presenta unha documentación singularizada, referida a tódolos apartados, indexada e sistematizada, axeitada para permitir unha análise e seguimento dos contidos que se desenvolven internamente. Adecúase parcialmente á estructura prevista na FEC e Prego de Prescripcións Técnicas. Por estas razóns, puntúase con 4 puntos este apartado.

Desenvolvemento do apartado B “Proxecto Curricular”, da cláusula terceira do Prego de Prescripcións Técnicas (Proxecto Educativo) (máximo 20 puntos).

A oferta desenvolve os distintos apartados contemplados no apartado B da cláusula terceira do Prego de Prescripcións de xeito ordenado e pormenorizado, abrangendo os distintos aspectos que os conforman, do seguinte xeito:

B.1 Música e movemento. A oferta recolle con detalle os aspectos a ter en conta neste importante periodo de iniciación á actividade musical e á expresión corporal. Oferta dous grupos (con dúas sesións semanais de 45 minutos cada unha) por cada un dos

catro niveis que establece (dous de iniciación e dous de formación básica), os primeiros cun ratio de 12 alumnos por grupo e os segundos cun ratio de 15 alumnos por grupo. Estructura de xeito coherente a oferta, presentando unha programación temporalizada adecuada de obxectivos e contidos por etapas. Outórgaselle polo tanto unha puntuación alta a este subapartado.

B.2 Práctica instrumental. A oferta establece catro itinerarios para o desenvolvemento deste aspecto central das ensinanzas musicais: básico (xovenil -de 8 a 15 anos- e adultos -maiores de 15 anos-), avanzado, profesional e for-grup. Para cada un deles desenvolve a súa organización e ratios, así como unha programación temporalizada dos contidos, obxectivos e criterios de avaliación, procedemento que posteriormente concreta, en cada itinerario e nivel, para cada unha das especialidades instrumentais recollidas na cláusula segunda do Prego de Prescricóns Técnicas. Con carácter xeral, obsérvase unha certa confusión entre obxectivos e contidos, non existindo unha relación detallada dos materiais (repertorio, obras, ...) a utilizar para a consecución dos obxectivos propostos. Outórgaselle, polo tanto, unha puntuación media-alta a este subapartado.

B.3 Actividades de conxunto. Estas actividades, ben ubicadas e encardinadas nos diferentes itinerarios, teñen un desenvolvemento específico na oferta, a través dunha ampla gama de agrupacións vocais e instrumentais (para Itinerario Básico: Orquestra Orff, Banda de Música Infantil, Orquestra de Corda infantil, Coro infantil, Orquestra de Corda, Banda de Música e Coro xovenil; para Itinerario Avanzado e Profesional: Orquestra de Corda -só Avanzado-, Banda de Música, Orquestra Sinfónica, Big Band e Coro). Outórgaselle, polo tanto, unha puntuación moi alta neste subapartado.

B.4 Formación complementaria. O licitador presenta neste aspecto unha oferta algo escasa con respecto ao indicado no Prego de Prescricóns Técnicas. En algunha das materias que se ofertan (Instrumentación e Arranxos, Música e Tecnoloxía) presenta contidos demasiado amplos para acadar os obxectivos propostos. Outórgaselle, polo tanto, unha puntuación media neste subapartado.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **14,5 puntos**.

Desenvolvemento do apartado C “Actividades Extraescolares” da cláusula terceira do Prego de Prescricóns Técnicas (Proxecto Educativo) (máximo 5 puntos).

Neste apartado, o licitador presenta unha oferta pouco ambiciosa e escasamente desenvolvida e concretada, que non acada a categoría de “programa de actividades extraescolares” co nivel de innovación, especificación e concreción que sería deseable. Por estas razóns, puntúase con **2 puntos** este apartado.

Desenvolvemento do apartado D “Proxecto Organizativo de Centro” da cláusula terceira do Prego de Prescricóns Técnicas (Proxecto Educativo) (máximo 10 puntos).

A oferta presenta adecuada e pormenorizadamente unha proposta de Normas de funcionamento e organización (de aplicación mentres non se publique unha normativa xeral polo Servizo de Educación relativa ao funcionamiento interno das escolas municipais de música e artes escénicas), nas que se contemplan os aspectos a ter en conta para un correcto funcionamento dun centro destas características dacordo coa normativa vixente, así como un oportuno Plan de Convivencia. Así mesmo presenta proposta de Órganos de decisión, con detalle das funcións e responsabilidades de cada un deles, órganos de coordinación docente e participación da comunidade educativa na vida do centro. Por estas razóns, puntúase con **9 puntos** este apartado.

Desenvolvemento do apartado E “Actividades de Divulgación” da cláusula terceira do Prego de Prescripcións Técnicas (Proxecto Educativo) (máximo 5 puntos).

Neste apartado o licitador non chega a ofertar un programa concreto e coherente de actividades de divulgación (ou concertos didácticos) para os centros de ensino, reducindo á súa oferta aos centros de primaria, indicando que o repertorio seleccionado será o “axeitado ás características do alumnado”. Consideranse escasos os recursos humanos destinados a esta importante tarefa da EMMV, ofertando o mínimo indicado no Prego de Prescripcións Técnicas en canto á duración da actividade. Por estas razóns, puntuase con **2 puntos** este apartado.

Desenvolvemento do apartado F “A EMMV na Rede” da cláusula terceira do Prego de Prescripcións Técnicas (Proxecto Educativo) (máximo 5 puntos).

Cun escasísimo desenvolvemento, a oferta non presenta máis que unha declaración de obxectivos e intencións ao respecto da presencia da EMMV na rede, sen concretar os aspectos que debe incluír un proxecto de deseño e publicación da páxina web da EMMV, polo que este apartado puntuase con **0,5 puntos**.

**CADRO RESUMO DE VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A
CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DOCENTES E
COMPLEMENTARIOS DE ADMINISTRACIÓN E CONSERXERÍA DA ESCOLA
MUNICIPAL DE MÚSICA DE VIGO**

Empresa	Calidade xeral	Proxecto curricular (20 puntos)				Actividades extraescolares	Proxecto organizativo de centro	Actividades de divulgación	A EMMV na rede	TOTAL
		Música e movimiento	Práctica instrumental	Actividades de conxunto	Formación complementaria					
Puntuación máxima	5	4	8	4	4	5	10	5	5	50
DOBRE O S.L.	4	3,5	5	4	2	2	9	2	0,5	32

O TÉCNICO SUPERIOR DE EDUCACIÓN

Ignacio Ojea Pérez